

EXPOSICIÓN VIRTUAL  
Recursos web sobre Carvalho Calero



Biblioteca de Galicia



<https://carvalho2020.gal/>

Web elaborada pola AGAL (Asociación Galega da Língua) en colaboración coa Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña para difundir a dimensión artística, humana e lingüística de Ricardo Carvalho Calero e poñer en valor e impulsar a súa a figura e o seu legado. Inclúe unha completa biografía e unha relación das súas obras, con imaxes das portadas orixinais. Na sección de recursos ofrece, entre outras cousas, unha cronoloxía comparativa dos elementos da novela *Scorpio* que coinciden con momentos da propia biografía do autor, unidades didácticas para o ensino, e interesantes documentos audiovisuais, coma a serie de vídeos “Carvalho em pessoa”, nos que se mostra o lado máis persoal do homenaxeado a través das testemuñas daqueles que o trataron.

## Don Ricardo de Fingoi

Presentación · Caballo en Lugo · Colaboración · Recursos · O proxecto · Contacto



<https://carballocaleroenlugo.org/>

Exposición creada polo Colectivo Egeria co patrocinio da Xunta de Galicia e máis a colaboración do Colexio Fingoi e da Real Academia Galega. A mostra está centrada nos anos (1950-1965) que Calero pasou en Lugo dedicado á docencia no citado centro educativo. A web inclúe textos do autor e recursos multimedia coma fotografías, audios e vídeos. Na sección “O proxecto” pódense consultar e descargar os trece paneis que conforman a exposición itinerante, nos que se percorre a relación do autor das Letras Galegas 2020 coa cidade da Muralla.



REAL ACADEMIA GALEGA

Actualización de perfil de Ricardo Carvalho Calero  
de acordo coa normativa do novo programa  
de ensino de Galego

Letras Galegas | Inicio | Programa de actualización | Maio 2020



Ricardo Carvalho [Carvalho] Calero

Biografía | Datos | Unha palabra para cada século | Actualización  
Inicio | Inicio | Inicio



Figuras homenaxeadas

- 2020 Ricardo Carvalho [Carvalho] Calero
- 2019 Xosé María Díaz Castro
- 2018 María Victoria Méizoso
- 2017 Xosé Díaz
- 2016 Manuel Alvarado Fernández Teodoro
- 2015 Xosé María Díaz Castro
- 2014 Xosé María Díaz Castro
- 2013 Xosé María Díaz Castro
- 2012 Xosé María Díaz Castro
- 2011 Xosé María Díaz Castro

<https://academia.gal/letras-actual>

A páxina web da Real Academia Galega ten activado desde comezos de 2020 un espazo dedicado á biografía de Ricardo Carvalho Calero, ofrecendo ademais de novas, entrevistas con distintas voces do panorama cultural galego que abordan os perfís literarios do autor. Tamén se poden consultar artigos arredor da vida e da obra da figura homenaxeada co Día das Letras Galegas 2020. Ademais, neste mes de maio difunde cada día a serie de microespazos audiovisuais “Unha palabra para don Ricardo”, un conxunto de minipezas que conforman un retrato colectivo do protagonista deste Día das Letras. Os microespazos poden verse a través da web e das redes sociais da institución. Tamén serán difundidas pola CRTVG.



INTERACTIVAS PARA O DÍA DAS LETRAS  
Ricardo Carballo Calero

<http://primaveradasletras.gal/>

A Real Academia Galega ten un espazo web destinado ao público infantil e de primaria denominado *Primavera das Letras*. Con esta iniciativa a RAG pretende fornecer aos centros de ensino con propostas de material lúdico e didáctico arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas. Neste sitio web achega de forma amena a distintos eidos do currículo escolar todo o universo vital e intelectual de Ricardo Carvalho Calero. As propostas inclúen tanto actividades interactivas como fichas descargables para xogar e aprender sen necesidade de conexión a Internet.

<http://consellodacultura.gal/diadasletrasgalegas/2020/>



Espazo virtual no web institucional do Consello da Cultura Galega. Nel inclúese información biográfica, unha galería fotográfica (dos arquivos documentais do CCG e da RAG, e do fondo persoal do fotógrafo Moncho Rama) e unha selección de audios (do fondo do Arquivo Sonoro de Galicia). Neste recurso web tamén se pode acceder ao epistolario coa correspondencia cruzada entre Ricardo Carballo Calero e Ramón Otero Pedrayo, e a un roteiro virtual por Santiago, Ferrol e Lugo, que permitirá coñecer os espazos nos que o autor homenaxeado desenvolveu a súa vida persoal e profesional.

No **Portal da Lingua Galega**, xestionado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, ademais dunha biografía do autor homenaxeado, atopamos enlaces ás actividades dinamizadoras realizadas en diversos centros educativos, coma presentacións, vídeos, unidades didácticas e actividades para educación infantil.

<https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/dia-das-letras-galegas>

The screenshot shows the website interface for 'O Galego... Promovelo'. At the top, there is a blue header with the logo 'Lg O PORTAL DA LINGUA GALEGA' on the left and the 'XUNTA DE GALICIA' logo on the right. Below the header, there are navigation links: 'A SECRETARÍA XERAL', 'O GALEGO...', and 'RECURSOS'. A breadcrumb trail reads: 'Portada > O galego... > Promovelo > Equipos de Dinamización da Lingua Galega > Día das Letras Galegas'. The main content area features a yellow sidebar on the left with the title 'O GALEGO... PROMOVELO' and a list of links: 'Rede de Dinamización Lingüística', 'Equipos de Dinamización da Lingua Galega', 'Novidades', 'Recursos didácticos', 'Publicacións', 'Audiovisuais e música', 'Blogs e recursos na rede', and 'Iniciativas de dinamización'. The main content area has a title '2020 - Ricardo Carvalho Calero' and a black and white portrait of Ricardo Carvalho Calero. Below the portrait is a caption: 'Ricardo Carvalho Calero naceu en Ferrol en 1910 e faleceu en 1990 en Santiago de Compostela. Sobresaiu como historiador da literatura, crítico literario, filólogo e escritor, e dedicou a súa vida a dignificar o idioma e a cultura galegas.'

**O PORTAL DA LINGUA GALEGA**

XUNTA DE GALICIA

A SECRETARÍA XERAL ▾ O GALEGO... ▾ RECURSOS ▾

Portada > O galego... > Promovelo > Equipos de Dinamización da Lingua Galega > Día das Letras Galegas

### 2020 - Ricardo Carvalho Calero

Ricardo Carvalho Calero naceu en Ferrol en 1910 e faleceu en 1990 en Santiago de Compostela. Sobresaiu como historiador da literatura, crítico literario, filólogo e escritor, e dedicou a súa vida a dignificar o idioma e a cultura galegas.

No sitio web [lingua.gal](http://lingua.gal) tamén se pode descargar a exposición “A voz presente”, sobre a vida, a obra e o pensamento de Ricardo Carvalho Calero promovida pola Asociación Galega da Língua (AGAL) e a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia. Ademais, a editorial Bolanda, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística pon neste mesmo portal, a disposición dos máis cativos, un novo volume da colección dos Bolechas “As miñas primeiras Letras Galegas” dedicado a Ricardo Carvalho Calero.

[https://www.lingua.gal/c/document\\_library/get\\_file?folderId=1647069&name=DLFE-20773.pdf](https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647069&name=DLFE-20773.pdf)

[https://www.lingua.gal/c/document\\_library/get\\_file?folderId=1647069&name=DLFE-20772.pdf](https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647069&name=DLFE-20772.pdf)







Galician-Biblioteca Dixital de Galicia quere contribuir á conmemoración do Día das Letras Galegas 2020, ibdicado a Ricardo Carvalho Calero, cunha creación dun novo microsítio, que recolle o labor como articulista deste autor.

Ricardo Carvalho Calero, ou Ricardo Carvalho Calero, nome co que viviu as súas obras desde 1981 ata o seu falecemento, foi filólogo, escritor, mestre de varias xeracións e o primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago. Está considerado o gran pensador do reintegracionismo, sendo membro da Academia das Ciencias de Lisboa desde 1981 e membro de honra da Asociación Galega da Língua. Todas estas actividades, ademais da súa contribución ao estudo da Literatura galega fan de Ricardo Carvalho Calero unha das figuras máis importantes da cultura galega do século XX.

[http://biblioteca.galiciana.gal/letras\\_gal/gl/micrositos/inicio.do](http://biblioteca.galiciana.gal/letras_gal/gl/micrositos/inicio.do)

Galician-Biblioteca Dixital de Galicia, incorpora ao seu portal un microsítio dedicado a Ricardo Carvalho Calero. Para elaboralo realizouse un baleirado de todas as publicacións periódicas dixitalizadas da súa colección. O resultado é unha colección de 24 artigos pertencentes a publicacións como El Correo Gallego, que achega 11, trátase de artigos e poemas escritos en galego e castelán, entre os que cabe destacar un titulado "A fala viva: na homenaxe á lingua", publicado o Día de Galicia de 1930, no que fai unha reivindicación da lingua galega. Como colaborador de *La Noche*, onde utilizaba o pseudónimo Fernando Cadaval, publicou nove artigos, a maioría deles dedicados á crítica literaria.

A Biblioteca Virtual Galega, portal web de literatura e cultura galegas elaborado na Universidade da Coruña, ofrece un especial sobre Ricardo Carvalho Calero con, entre outras cousas, información biográfica e bibliográfica, escolma de textos e citas, unha interesante colección de fotografías, e unha sección de fonoteca con, por un lado, entrevistas e intervencións do homenaxeado, e por outro, vídeos dalgúns artistas que lle puxeron música aos seus poemas.

<https://carvalhocalero.lbd.org.es/>



Ricardo Carvalho Calero  
Letras Galegas 2020

Biografía Obras Textos Bibliografía Memoria Páxinas de referencia Fotografías Firmas



A exposición virtual "Pretérito (im)perfecto: traxectoria e obra de Carballo Calero" está deseñada pola Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel. A través de numerosas diapositivas, ilustradas con fermosas fotografías da época do autor, faise un exhaustivo repaso á súa traxectoria vital, literaria e ensaística.



<https://bibliotecas.xunta.gal/vigo/gl/preterito-imperfecto-traxectoria-e-obra-de-carballo-calero>

O **Portal das Palabras** é a web da RAG e da Fundación Barrié para a modernización do traballo lexicográfico e a difusión da lingua galega. Para conmemorar o Día das Letras Galegas incorporou contidos centrados no universo vital e literario de Ricardo Carvalho Calero na súa sección “Setestrelo”. Tanto na entrada *A poesía de Carballo Calero en sete palabras* como na titulada *Sete palabras do teatro de Carballo* escolléronse as palabras máis representativas da obra do ferrolán para analizar a súa orixe, o seu significado e o seu uso. Ademais, na semana das letras, o portal dedícalle a Calero as sete entradas da sección “A Palavra do Día”.

<https://portaldaspalabras.gal/lexico/setestrelo/>

A web sobre a Historia da Literatura Galega, da Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), tamén fixo unha entrada para conmemorar o Día da Letras Galegas adicado a Carballo Calero. Contén información biográfica e unha relación das súas obras, en moitos casos con imaxes das súa portadas, ademais dunha colección de fotos, o vídeo “Ricardo Carvalho Calero. Memória do século”, audios e unha unidade didáctica descargable. Tamén contén o enlace á web conmemorativa do centenario do autor inaugurada en 2010: <https://carvalhocalero2010.net/>

<http://literaturagalega.as-pg.gal/autoras-es/carvalho-calero-ricardo.html>

O Centro de Documentación de Escritores Galegos implementou unha entrada correspondente a Ricardo Carvalho Calero. Nela ofrése a súa biografía, información sobre a súa obra (individual, en coautoría e colectiva), así como imaxes das portadas dos seus libros, unha sección de fototeca e o acceso ao texto completo de algúns artigos.

<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/ricardo-carvalho-calero>

Non podía faltar unha entrada sobre Ricardo Carvalho Calero na Galipedia, a Wikipedia en galego. Ofrece información sobre a súa vida e os seus escritos agrupados en poesía, narrativa, teatro e ensaio. Moitas das obras posúen entrada propia con resumos e análises do seu contido, así como unha exhaustiva bibliografía cos estudos sobre a súa figura e obra.

[https://gl.wikipedia.org/wiki/Ricardo\\_Carballo\\_Calero](https://gl.wikipedia.org/wiki/Ricardo_Carballo_Calero)

O Seminario Galán ofrece no seu espazo web adicado ao Día das Letras Galegas deste ano recursos educativos divididos en tres seccións: documentos para imprimir, actividades en liña e álbum de fotos. Trátase de actividades para tódolos niveis de Educación Infantil e Primaria en torno á vida e á obra de Ricardo Carvalho Calero.

<http://seminariogalan.org/inicio/portada>

Tamén para as máis pequenas e os máis pequenos, a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra e Edicións Embora colgaron na rede o seu proxecto educativo en torno ao conto de Carvalho Calero “As pitas baixo a choiva”. O conto pódese ler e descargar neste sitio web e tamén se poden escoitar as catro cancións compostas por **A banda das pitas**. Ademais permite o acceso á unidade didáctica elaborada sobre o relato.

<http://aspitas.gal/>